| <p>producción de textos (a quen vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador ou a revisión do texto para a súa corrección.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Usar progresivamente o dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado. <ul style="list-style-type: none"> <li>Execución:</li> </ul> </li> <li>Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.</li> <li>Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual e bilingüe do alumnado, biblioteca de aula e materias dixitais para reproducir mensaxes escritas sinxelas.</li> <li>Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.</li> <li>Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.</li> <li>Elaborar informacións en ficheiros, libríños... textos breves escritos afíns aos seus intereses e experiencias, cunha intención comunicativa.</li> <li>Reproducir a forma gráfica</li> </ul> | <p>súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</li> <li>B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información.</li> </ul> <p>B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p> | básicas.   |   |              |   |   |  |  |   |
|  |  | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos).  | Produce mensaxes escritas breves (notas, ins-trucións...) e escribe textos sinxelos con coherencia na súa secuencia e co léxico axeitado ao tema. | CCL          |   |   |  |  | X |
|  |  | PLEB4.4. Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.   | Amona interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.                                     | CCL, CD, CSC |   | X |  |  |   |
|  |  | PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)   | Produce mensaxes escritas breves (notas, ins-trucións...) e escribe textos sinxelos con coherencia na súa secuencia e co léxico axeitado ao tema. | CAA, CSIEE   |   |   |  |  | X |
|  |  | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...). | Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.              | CCL, CAA     |   |   |  |  | X |
|  |  | PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.  | Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta.   | CCL, CAA     | X | X |  |  | X |
|  |  | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.  | Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.  | CCL          | X | X |  |  | X |
|  |  | PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas  | Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á   | CCL          | X | X |  |  | X |

|  |  |   |   |  |  |  |
|--|--|---|---|--|--|--|
| <p>certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).</li> <li>▪ Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información. <ul style="list-style-type: none"> <li>- B4.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación).</li> <li>- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul> <p>Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.</p> |  | <p>atendendo á súa corrección ortográfica básica.</p> | <p>súa corrección ortográfica básica.</p> |  |  |  |
|--|--|---|---|--|--|--|

## BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

|  |   |   |  |               |   |   |   |
|--|---|---|--|---------------|---|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</li> <li>▪ Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> <li>▪ Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> <li>▪ Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe.</li> <li>▪ Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.</li> <li>▪ Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.</li> <li>▪ B5.2. Funcións comunicativas:</li> <li>▪ Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.</li> <li>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.</li> <li>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.</li> <li>▪ B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</li> <li>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.</li> <li>▪ B5.4. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións... en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</li> <li>▪ B5.5. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa...</li> <li>▪ B5.6. Expresar noicións básicas relativas a accións cotiás, de lecer...</li> <li>▪ B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.</li> <li>▪ B5.8. Describirse fisicamente, achegando información</li> </ul> | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...)            | CCL, CAA, CSC | X |   |   |
|  |   | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.   | Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.   | CCL, CSC      | X | X | X |
|  |   | PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.   | Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL, CSC      | X | X | X |
|  |   | PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.   | Inicia e remata as interaccións adecuadamente.   | CCL, CAA, CSC | X | X | X |
|  |   | PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.  | Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe.   | CCL, CAA, CSC | X | X | X |
|  |   | PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...  | Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...                                      | CCL           |   |   | X |
|  |   | B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...  | Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...   | CCL, CAA      |   | X |   |
|  |   | PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.   | Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.               | CCL, CAA      |   | X |   |
| PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a  | Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a.   | CCL, CAA  | X  |               |   |   |   |

|   |  |   |   |          |   |   |   |  |
|---|--|---|---|----------|---|---|---|--|
| <p>mesmo/a e dos e das demais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa.</li> <li>Descrición de si mesmo/a.</li> <li>Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado.</li> <li>Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc.</li> <li>Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado.</li> <li>Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.</li> <li>Expresión de instrucións habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa.</li> <li>Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.</li> <li>Expresión de existencia.</li> <li>Realización de preguntas sobre a existencia de algo.</li> <li>Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.</li> <li>Expresión da información en afirmativa e negativa e</li> </ul> | <p>complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes.</li> <li>B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</li> <li>B5.11. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.</li> <li>B5.12. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> <li>B5.13. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</li> <li>B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.</li> <li>B5.15. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.</li> <li>B5.16. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia</li> </ul> | e doutra persoa.  |   |          |   |   |   |  |
|   |  | PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.  | Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.   | CCL, CAA |   | X |   |  |
|   |  | PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.   | Diferenza preguntas e respostas moi simples.  | CCL      | X |   |   |  |
|   |  | PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.  | Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa.  | CCL      | X | X | X |  |
|   |  | PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.  | Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.  | CCL, CAA | X | X | X |  |
|   |  | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.                           | Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | CCL, CAA | X | X | X |  |
|   |  | PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe.  | CCL, CAA | X | X | X |  |
|   |  | PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.   | Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.   | CCL, CSC | X |   |   |  |

|  |  |  |  |                 |  |  |  |
|--|--|--|--|-----------------|--|--|--|
| <p>formulación das correspondentes preguntas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data eta.</li> <li>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...</li> <li>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.</li> <li>▪ Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.</li> <li>▪ Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.</li> <li>▪ Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.</li> <li>▪ Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.</li> <li>▪ Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.</li> <li>▪ Descrición de persoas, plantas e animais.</li> <li>▪ Expresión de desexos.</li> <li>▪ Formulación de preguntas sobre o desexo.</li> <li>▪ Expresión de instrucións.</li> <li>▪ Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.</li> <li>▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:</li> <li>▪ Saúdos, agradecementos, despedidas... (Hi, See you,</li> </ul> | <p>integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).<br/> B5.17. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.</p> | <p>PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.</p> |  | <p>CCL, CSC</p> |  |  |  |
|--|--|--|--|-----------------|--|--|--|



How are you? I'm fine, thanks...).

- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is..., When is your birthday? My birthday is on (August 2nd)...).
- Expresión de sorpresa, agrado... (What fun!; How nice!...).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa (Where are you from?, I'm from..., Are you from...? Yes, I am/No, I am not, Is he/she from...? Yes he/she is/No, he/she isn't..., Are you (Portuguese)? Yes, I'm/No, I am not)).
- Preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado (Are you...?, Yes, I am/No, I'm not, Is he/she...? Yes, he/she is/No, he/she isn't, Were you...?, Yes, I was/No, I wasn't, Was he/she...? Yes, he/she was/No, he/she wasn't).
- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.

- Descrición dun mesmo/a (I've got (blue eyes) and (dark hair, I'm (a nurse)).
- Preguntas e respostas curtas, en primeira e terceira persoa de singular, sobre actividades diarias, de lecer etc. (Do you (play tennis)?, Yes, I do / No, I don't).
- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado (I (played) computer games yesterday, I didn't play...).
- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc. (I (have lunch((at half past eight), I (listen to music), I don't...).
- Preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala (What are you doing?, I'm (playing), What is he doing?, She's/he's (speaking)).
- Expresión de instrucións habituais e indicacións de direccións, en afirmativa e negativa (Fold (the paper, turn (on the left)).
- Expresión de existencia (There is a (library) / There are lots of (parks) / There isn't / There aren't...).
- Preguntas e respostas sobre a existencia de algo (Is there a (cinema)?, Yes there is, No there, isn't, Are there lots of

(gyms)?, Yes there are, No, there aren't).

- Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday)...).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas (What date is it today?...).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000. e 1st (1st), twenty-fifth (25th)...
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidades (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't).
- Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).

- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?).
- Expresión de desexos (I want to (make a cake)).
- Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).
- Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...).
- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a posesións persoais, cores, números cardinais ata o 1000 e ordinais ata dous díxitos, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, roupa, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, países, nacionalidades, continentes, profesións, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre e de lecer, instrucións habituais e indicacións de dirección, lugares da cidade, medios de transporte, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións, instrumentos musicais, materiais, animais, membros da familia, partes do corpo e da cara, e

|                 |  |  |  |  |  |  |  |
|-----------------|--|--|--|--|--|--|--|
| partes da casa. |  |  |  |  |  |  |  |
|-----------------|--|--|--|--|--|--|--|

**CURSO: SEXTO**

| CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTANDARES DE APRENDIZAXE   | MÍNIMOS EXISIBLES  | COMP. CLAVE   | TEMP |    |    |
|--|---|---|--|---------------|------|----|----|
|  |   |   |  |               | T1   | T2 | T3 |
| <b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>   |   |   |  |               |      |    |    |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:</li> <li>▪ Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.</li> <li>▪ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.</li> <li>▪ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).</li> <li>▪ Formulación de hipótese sobre contido e contexto.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns</li> </ul> | PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).   | Comprende o esencial de mensaxes e anuncios con diferentes tipos de información e indicacións (números, prezos, horarios...) | CCL, CAA      | X    |    |    |
|  |   | PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). |  | CCL, CAA      | X    | X  | X  |
|  |   | PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións,   | Entende o que se lle di en interaccións habituais na aula tales como instrucións, avisos,...                                 | CCL, CAA, CSC | X    | X  | X  |

|  |   |   |   |                      |          |          |          |
|--|---|---|---|----------------------|----------|----------|----------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</li> <li>▪ Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.</p> | <p>predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</li> <li>▪ B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</li> </ul> <p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p> | <p>avisos).</p>   |   |                      |          |          |          |
|  |   | <p>PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p>   | <p>Identifica o tema principal e entende a información esencial en conversas predicibles, breves, sinxelas e cotiás que traten de temas familiares coma a familia, a escola,...</p>   | <p>CCL,CAA, CSC</p>  | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|  |   | <p>PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>   | <p>Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p> | <p>CCL, CAA, CSC</p> | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|  |   | <p>PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p>  | <p>Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p> | <p>CAA</p>           | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|  |   | <p>PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).</p> | <p>Comprende e distingue o sentido xeral e o cambio dun tema a outro en materiais audiovisuais e multimedia sobre temas cotiás e de lecer (cinema, deportes,...)</p>  | <p>CCL, CAA</p>      | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
| <b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>  |   |   |   |                      |          |          |          |
| <p>- B2.1. Estratexias de produción:</p>   | <p>▪ B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en</p>   | <p>PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente</p>  | <p>Fai presentacións breves e sinxelas, previamente-te</p>  |                      |          |          |          |

|   |  |   |  |                 |          |          |          |
|---|--|---|--|-----------------|----------|----------|----------|
| <p>- Planificación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</li> <li>• Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso.</li> </ul> <p>- Execución</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>• Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</li> <li>• Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).</li> <li>• Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais.</li> </ul> | <p>conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.</li> <li>▪ B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.</li> </ul> | <p>preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p> | <p>preparadas e ensaiadas sobre temas cotiás ou do seu interese usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia comprensible.</p> | <p>CCL, CAA</p> | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|---|--|---|--|-----------------|----------|----------|----------|

|   |   |  |   |                 |          |          |          |
|---|---|--|---|-----------------|----------|----------|----------|
| <p>⇒</p> <p>⇒ <b>Lingüísticos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Modificar palabras de significado parecido.</li> <li>▪ Definir ou parafrasear un termo ou expresión.</li> <li>⇒ <b>Paralingüísticos e paratextuais</b></li> <li>▪ Pedir axuda.</li> <li>▪ Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</li> <li>▪ Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica).</li> <li>▪ Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.</li> </ul> <p>B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.</li> <li>B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.</li> </ul> |  |   |                 |          |          |          |
| <b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>   |   |  |   |                 |          |          |          |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión:</li> <li>▪ Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema.</li> <li>▪ Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.</li> <li>▪ Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).</li> <li>▪ Formulación de hipótese sobre</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>– B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de</li> </ul>  | <p>PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p> | <p>Comprende instrucións, indicacións e información básica en notas e letreiros de servizos e lugares públicos.</p>                               | <p>CCL,CAA</p>  | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|   |   | <p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas,</p>               | <p>Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios ou listas de prezos.</p> | <p>CCL, CAA</p> | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |



|  |   |  |  |                 |          |          |          |
|--|---|--|--|-----------------|----------|----------|----------|
| <p>contido e contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</li> <li>▪ Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos.</li> <li>▪ B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</li> <li>▪ B3.3. Funcións comunicativas: Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.</li> <li>▪ Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.</li> <li>▪</li> <li>▪ Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.</li> <li>▪ Narración de feitos pasados remotos e recentes.</li> <li>▪ Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.</li> <li>▪ Establecemento e mantemento da comunicación.</li> <li>▪ B3.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.</li> </ul> | <p>que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</li> <li>- B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</li> </ul> <p>B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes</p> | <p>publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.</p>  |  |                 |          |          |          |
|  |   | <p>PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.</p> | <p>Comprende correspondencia breve e sinxela (correos electrónicos ou postais) que trate temas familiares coma, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola ou o tempo libre.</p> | <p>CCL, CAA</p> |          | <p>X</p> |          |
|  |   | <p>PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).</p>  | <p>Comprende o esencial de noticias e historias breves e ben estruturadas que traten temas que lles sexan familiares.</p>  | <p>CCL, CAA</p> |          |          | <p>X</p> |
|  |   | <p>PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).</p>  |  | <p>CCL, CAA</p> | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|  |   | <p>PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).</p>  | <p>Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (punto, coma) e símbolos de uso frecuente.</p>   | <p>CCL</p>      | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |

#### BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

|  |   |  |   |  |                         |                         |                         |
|--|---|--|---|--|-------------------------|-------------------------|-------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1 Estratexias de produción:</li> <li>▪ Planificación:</li> <li>▪ Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.).</li> <li>▪ Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.)</li> <br/> <li>▪ Execución:</li> <li>▪ Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>▪ Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</li> <li>▪ Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).</li> <li>▪ B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</li> <br/> <li>▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.</li> <li>▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</li> <li>▪ B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</li> </ul> <p>B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de</p> | <p>PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).</p> <hr/> <p>PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p> | <p>Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais e escribe mensaxes breves e simples nos que fala de sí mesmo, dá as grazas, ou fai unha invitación.</p> | <p>CCL, CD, CAA</p> <hr/> <p>CCL, CD, CAA, CSC</p> | <p>X</p> <hr/> <p>X</p> | <p>X</p> <hr/> <p>X</p> | <p>X</p> <hr/> <p>X</p> |
|--|---|--|---|--|-------------------------|-------------------------|-------------------------|

|  |   |   |  |               |   |   |   |
|--|---|---|--|---------------|---|---|---|
|  | aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.  |   |  |               |   |   |   |
| <b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>   |   |   |  |               |   |   |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.</li> <li>▪ B5.2 Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.</li> <li>▪ Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.</li> <li>▪ Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.</li> <li>▪ Narración de feitos pasados remotos e recentes.</li> <li>▪ Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.</li> <li>▪ Establecemento e mantemento da comunicación.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa</li> </ul> </li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</li> <li>▪ B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.</li> <li>▪ B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha</li> </ul> | PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.  | Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas que traten sobre temas familiares (un mesmo, a familia, a escola...) e desenvólvese en transaccións cotiás facendo preguntas sinxelas. | CCL, CAA, CSC | X | X | X |
|  |   | PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).  |  | CCL, CAA, CSC | X |   |   |
|  |   | PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). | Participa en conversas cara a cara cos compañeiros na aula nas que se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se dan instrucións, fanse entrevistas...                               | CCL, CD, CSC  | X | X | X |
|  |   | PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.  |  | CCL, CSC      |   |   | X |

|   |  |   |  |                 |          |          |          |
|---|--|---|--|-----------------|----------|----------|----------|
| <p>(because); finalidade (to-infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Relaciones temporais (when; before; after).</li> <li>▪ Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)).</li> <li>▪ Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!).</li> <li>▪ Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)).</li> <li>▪ Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).</li> <li>▪ Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will).</li> <li>▪ Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start -ing); terminativo (finish -ing).</li> <li>▪ Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).</li> <li>▪ Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and</li> </ul> | <p>orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).</li> <li>▪ B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.</li> <li>▪ B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.</li> <li>▪ B5.7. Cumprir a función</li> </ul> | <p>PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p> | <p>Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p> | <p>CCL, CAA</p> | <p>X</p> | <p>X</p> | <p>X</p> |
|---|--|---|--|-----------------|----------|----------|----------|

|  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|
| <p>pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).</li> <li>▪ Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).</li> <li>▪ Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays).</li> <li>▪ Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).</li> </ul> <p>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais;</p> | <p>comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.</li> <li>▪ B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</li> <li>▪ B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.</li> <li>▪ B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).</li> </ul> |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|

|   |  |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|--|
| <p>alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.</li> <li>▪ B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.</li> </ul> <p>B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.</p> |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|--|

## **METODOLOXIA:**

### **ESTRATEGÍAS METODOLÓXICAS:**

Segundo o Real Decreto 126/2014, do 28 de Febreiro que determina o currículo básico da Educación Primaria, desenvolto na Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 105/2014 , do 4 de setembro, deberase desenvolver unha metodoloxía **flexible e variada** para adaptarse ás necesidades dos nenos e nenas. O principal obxectivo na ensinanza e aprendizaxe dunha lingua estranxeira é conseguir que os nenos e nenas participen dun xeito activo nas actividades na lingua estranxeira. Así, incluíranse cancións, xogos e outras actividades creativas que permitan aos nenos e nenas aprender dun xeito motivador e atractivo para eles. Intentarase utilizar unha metodoloxía **integradora e participativa** para abarcar a diversidade existente na clase ofrecendo diferentes maneiras de conseguir os mesmos obxectivos.

Segundo o Marco Común Europeo de Referencia das linguas, o coñecemento das linguas serve para favorecer a comunicación entre as persoas e eliminar así as barreiras da lingua, os prexuízos e os estereotipos.

En xeral, pódese dicir que o enfoque que ha de primar no tratamento da materia de Lingua Estranxeira ha de ser **comunicativo**, polo que os elementos do currículo se definirán sempre baseándose nos procesos de comunicación aos que van encamiñados, adecúandose no caso concreto da etapa de Primaria ás características e as necesidades do alumnado.

Integrando todos estes aspectos e partindo desta idea, o currículo estrutúrase en torno a actividades de lingua tal como estas se describen no Marco: **comprensión e produción** (expresión e interacción) **de textos orais e escritos**.

A lingua demanda unha metodoloxía que se centre no alumno, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso; A metodoloxía máis idónea será, polo tanto, aquel conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que mellor contribúa a que o alumno, por un lado, adquira as diversas competencias implicadas na comunicación, e, por outro, desenvolva a capacidade de poñer todas estas competencias en práctica de xeito conxunto para producir e procesar textos orais ou escritos axeitados aos contextos de actuación correspondentes.

Para a adquisición da competencia lingüística en lingua estranxeira resulta fundamental o desenvolvemento da **capacidade lectora** e o dominio da **escritura**.

Incidirase ademais de xeito especial no aproveitamento didáctico de **recursos dixitais**, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar o alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe, adaptados sempre á súa idade e ás súas peculiaridades.

Con este tipo de metodoloxía tentase que os nenos e nenas consigan:

- comunicarse con seguridade e eficacia.
- estar motivados e gozar das clases.
- que melloren as destrezas de *listening*, *speaking*, *reading* e *writing* de forma integral e equilibrada.
- que aprendan a través de contos e outras actividades interesantes como cancións, *chants*, rimas e xogos.
- que desenvolvan destrezas sociais e aprenden a colaborar e cooperar.
- que aprendan destrezas cognitivas transferibles a todas as materias do currículo.
- que a través do CLIL para descubrir cousas do mundo.
- que aprendan cousas da cultura británica e desenvolvan destrezas interculturais e cidadás.
- que utilicen as novas tecnoloxías para estudar e aprender.
- que pronuncien o inglés de forma natural e intelixible.
- que desenvolvan as competencias clave sistematicamente.
- que aprendan a aprender e a ser alumnos autónomos.

Esta programación está baseada nun enfoque comunicativo e centrado no alumno polo tanto, o profesor terá distintos papeis ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

- Organizará as actividades comunicativas e as interaccións entre o alumnado. Observará as intervencións dos alumnos e alumnas e tomará nota dos principais erros.
- Participará cos alumnos cando así se requira.
- O profesor actuará tamén como elemento motivador para involucrar aos nenos e nenas nas actividades.
- Será tamén unha fonte de información tanto de vocabulario como das estruturas que sexan necesarias, para o desenvolvemento das actividades.



## **RECURSOS E MATERIAIS.**

Para usar unha metodoloxía onde a variedade e a flexibilidade teñen unha grande importancia dispoñemos de diferentes recursos para desenvolver esta programación.

Primeiramente, é importante destacar que este curso volvemos dispoñer da aula de Inglés, para a ensinanza da materia. Este espazo resulta fundamental para o desenvolvemento óptimo da ensinanza dunha lingua estranxeira, dada a relevancia que ten o dispor dun equipo audiovisual e de son de calidade, da amplitude do espazo no que desenvolver este tipo de clases e dos recursos específicos da propia materia.

Por outra banda, dispoñemos dun ordenador e unha PDI que nos axudará a desenvolver as distintas actividades dixitais tan importantes hoxe en día para a ensinanza das linguas estranxeiras e para o fomento das TIC..

Dentro da aula temos un recanto para a lectura, cunha biblioteca de aula que está dotada de libros de diferentes niveis e temas adaptados aos intereses e necesidades do alumnado, que será usada seguindo as directrices marcadas polas medidas sanitarias vixentes, por mor da pandemia.

Os materiais que utilizaremos para o desenvolvemento da programación serán os seguintes:

- Libro de texto dixital.
- Class Book
- Activity Book
- Flashcards.
- Wordcards.
- Storycards.
- Posters.
- Realia.
- Actividades interactivas.
- Fichas de ampliación e reforzo.
- Xogos.
- Outros.

### **Distribución do espazo**

Durante este curso, a distribución do espazo estará supeditada á situación de pandemia na que aínda nos atopamos, seguindo sempre as indicacións do Protocolo sanitario. O mesmo ocorre cos desprazamentos pola aula, que teñan lugar durante a execución das actividades.

## **Distribución do tempo**

Terase en conta: dedicar un tempo ás rutinas do inicio da clase que axuden a focalizar a atención dos nenos e nenas, non rematar a clase no medio dunha actividade, rematar o tema principal máis cedo que tarde durante a sesión, recordar aos alumnos e alumnas o que aprenderon durante a sesión, adicar os últimos minutos á desinfección das mesas e cadeiras que foron usadas durante a mesma ...

## **ACTIVIDADES**

Utilizaremos os seguintes tipos de actividades ao longo da programación:

### **Actividades de inicio de lección**

Estas actividades serven para coñecer os coñecementos previos dos alumnos e alumnas nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados. Isto adóitase facer a través de actividades de *brainstorming* ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de *flashcards*, pósteres, cancións, etc.

### **De desenvolvemento da lección**

En cada unha das unidades faranse actividades que apelen ás intelixencias múltiples e destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa.

Estas actividades son:

- O vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais que se desenvolven na unidade didáctica (**Vocabulary**).
- A lectura e comprensión de textos (**Reading**).
- As estruturas gramaticais (**Grammar**).
- Os sons estudados (*pronunciation activities*) (**Pronunciation**).
- A comprensión e a expresión oral da lingua en tódalas súas vertentes (**Listening and Speaking**).
- A comprensión e a expresión escrita (*pencil activities in the Class Book*) (**Writing**).

### **De desenvolvemento de competencias clave**

Algunhas actividades contribúen máis especificamente ó desenvolvemento dunha ou varias competencias clave, entre as que se incluírían:

- *Brainstorming*
- *Role-plays*

- Actividades interactivas
- Actividades baseadas en distintos soportes
- Actividades en grupo
- Interpretacións de datos, gráficas, etc.
- Textos culturais, cancións, *chants*, etc.
- Actividades nas que se traballan as emocións.

## AVALIACIÓN

### DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado na que se valorarán os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados establecendo se son suficientes, se se deben mellorar ou se se descoñecen.

Esta avaliación proporcionaranos datos acerca do punto de partida de cada alumno que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

Pártese da información da familia, do informe do centro do curso anterior, dunha observación directa do neno nos primeiros días de clase, o iniciar calquera unidade didáctica e dunha exploración de coñecementos previos. que nos permitirá adoptar as decisións e tomar as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación.

Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 da avaliación en Educación Primaria a avaliación será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo e na adquisición das competencias clave. O profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

As actividades de avaliación poderían clasificarse en varios niveis:

- **Avaliación inicial (diagnóstica):** Ao comezo do curso levaremos a cabo unha avaliación inicial do alumnado, que nos permitirá adoptar as decisións e tomar as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación.
- **Avaliación continua (formativa):** É importante observar o progreso diario de cada alumno e alumna. Este tipo de avaliación terá lugar en cada sesión xa que é importante para o profesor levar un control diario para detectar a necesidade de actividades de reforzo e extensión para determinados alumnos e alumnas.

A avaliación continua terá un carácter formativo, axudaranos a adoptar as decisións que axuden a superar as posibles dificultades atopadas e a modificar a nosa programación cando sexa necesario.

**Avaliación final (sumativa):** Ao final de cada curso levaremos a cabo a avaliación final dos resultados alcanzados polos alumnos e alumnas do grupo. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación coas cualificacións, tanto positivas como negativas.

Na programación inclúense diferentes procedementos e instrumentos de avaliación para avaliar os estándares de aprendizaxe. Os que mencionamos a continuación utilizaranse ao longo de toda a programación e cada estándar ten asignado un ou varios.

- **Probas escritas e orais:** estas probas utilizaranse para controlar a consecución dos obxectivos e dos criterios de avaliación de cada alumno e alumno de modo individual.
- **Tarefas:** esta forma de avaliación axuda a obter moita información sobre como aprenden os alumnos e alumnas e que técnicas utilizan.
- **Observación directa:** para observar o progreso e a participación dos nenos e nenas.
- **Análise do traballo de aula:** ademáis da observación directa, revisaremos os traballos realizados na aula: Class Book, Activity Book, actividades interactivas...
- **Autoavaliación:** este tipo de avaliación é moi importante na aprendizaxe centrada no alumno xa que este dáse máis conta e faise máis responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Tamén lle ofrece ao profesor unha idea da autoestima do alumno/a, da súa seguridade,...

Ademais dos alumnos e alumnas, o profesor tamén ten que autoavaliar o seu traballo para mellorar os seus métodos, as actividades, o seu desenvolvemento na aula, o éxito dos seus alumnos e alumnas, etc.

- **Rúbricas:** instrumentos que determinan o grao en que os estándares de aprendizaxe foron acadados polos alumnos e alumnas.

Usando a información obtida a través das diferentes formas de avaliación podemos tomar decisións respecto á evolución do curso. Segundo os resultados obtidos, podemos facer máis actividades de repaso si é necesario, ofrecer actividades de reforzo ou ampliación e o proceso de ensinanza pode ser adaptado ás necesidades dos alumnos e alumnas

## CRITERIOS CUALIFICACIÓN:

| Estándares de aprendizaxe avaliáveis  | Procedementos/Instrumentos de avaliación  |
|---|---|
| <b>1º CURSO</b>   |   |
| <b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>  |   |
| PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.                              | PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula.<br>INSTRUMENTOS: Class Book.                                    |
| PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise do traballo de aula.<br>INSTRUMENTOS: Proba escrita. Class Book. |
| PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Rúbrica.   |
| PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...)   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                             |
| <b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>   |   |
| PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as<br>INSTRUMENTOS: Producións orais.                     |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversacións moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos)   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos.             |
| PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                             |
| PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais.                    |
| <b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>   |   |
| PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.   | PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Class Book. Proba escrita. |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.   | PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula.<br>INSTRUMENTOS: Class Book.                                    |

|   |  |
|---|--|
| PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.  | <p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>                                |
| PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>                    |
| <b>BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>  |  |
| PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.  | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Análise dos textos.</p>                  |
| PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións escritas.</p>                 |
| PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.  | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións escritas.</p>                 |
| PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| <b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>  |  |
| PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>   |
| PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>                             |
| PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas. Xogos.</p> |
| PLEB5.6. Expressa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas.</p>        |

|   |  |
|---|--|
| PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas.</p>        |
| PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais e escritas.</p>         |
| PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.   | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita.</p>  |
| PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>                             |
| PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Class Book. Proba escrita.</p> |
| <b>2º CURSO</b>   |  |
| <b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>  |  |
| PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula.</p> <p>INSTRUMENTOS: Class Book.</p>                                    |
| PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise do traballo de aula.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita. Class Book.</p> |
| PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>   |
| PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>                             |
| <b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>   |  |
| PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles. | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>                    |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversacións básicas (nome, idade, gustos).   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>   |

|   |   |
|---|---|
|   | INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos.  |
| PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                             |
| PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.                          | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais.                    |
| PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                             |
| <b>BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>  |   |
| PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.                 | PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Class Book. Proba escrita. |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.                 | PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula.<br>INSTRUMENTOS: Class Book.                                    |
| PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.                                  | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Asamblea.                                |
| PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.                         | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais.                    |
| <b>BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>  |   |
| PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.                                    | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Análise dos textos.                  |
| PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela. | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións escritas.                 |
| PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.                  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións escritas.                 |
| PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...  | PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula.<br>INSTRUMENTOS: Class Book.                                    |



|   |  |
|---|--|
| PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso. | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| <b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>  |  |
| PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>   |
| PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas. Xogos.</p> |
| PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Class Book. Proba escrita.</p> |
| PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| PLEB5.7. Expressa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas.</p>        |
| PLEB5.8. Expressa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas.</p>        |
| PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.  | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais e escritas.</p>         |
| PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita.</p>  |
| PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |

|   |  |
|---|--|
| PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>                             |
| PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).  | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais ou escritas.</p>        |
| PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.                   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise do traballo de aula. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Class Book. Proba escrita.</p> |
| PLEB5.15. Amona interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de valoración.</p>                              |
| PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| <b>3º CURSO</b>   |  |
| <b>BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>  |  |
| PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.  | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita.</p>  |
| PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita.</p>  |
| PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>   |
| PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.                          | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita.</p>  |
| PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rúbrica.</p>   |
| PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                                 |
| <b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>   |  |
| PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais</p>                     |

|  |  |
|--|--|
| PLEB2.3. Aмосa unha actitude de escoita atenta.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>               |
| PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.                             | <p>PROCEDEMENTOS: Análise de producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTOS: producións orais. Xogos.</p> |
| PLEB2.5. Aмосa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>                |
| <b>BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>  |  |
| PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.  | <p>PROCEDEMENTOS: Proba específica.</p> <p>INSTRUMENTOS: proba escrita.</p>                              |
| PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.         | <p>PROCEDEMENTOS: Proba específica.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba escrita.</p>                              |
| PLEB3.3. Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                    |
| PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.  | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                   |
| PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento. | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                   |
| PLB3.6. Aмосa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.</p>                    |
| <b>BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>   |  |
| PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.                                     | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>       |
| PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>        |
| PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.    | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos</p>        |
| PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).  | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as</p>  |

|  |  |
|--|--|
|  | INSTRUMENTOS: Textos escritos  |
| PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. | PROCEDEMENTOS: Proba específica.<br>INSTRUMENTOS: Proba escrita.                               |
| PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as<br>INSTRUMENTOS: Activity Book.           |
| PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                |
| PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.                    |
| <b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>   |  |
| PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversacións básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos<br>INSTRUMENTOS: Activity Book.              |
| PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...)  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto                     |
| PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.  | PROCEDEMENTOS: Proba específica.<br>INSTRUMENTOS: Proba escrita                                |
| PLEB5.4. Expressa e identifica a localización básica de obxectos.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.                    |
| PLEB5.5. Expressa e identifica de xeito elemental os seus desexos.   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos<br>INSTRUMENTOS: Producións orais e escritas |
| PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos.<br>INSTRUMENTOS: Activity Book.             |
| PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples.  | PROCEDEMENTOS: Proba específica.<br>INSTRUMENTOS: Proba escrita.                               |
| PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións máis habituais.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto                     |

|  |   |
|--|---|
| PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | PROCEDEMENTOS: Proba específica.<br>INSTRUMENTOS: Proba escrita.                |
| PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.                                   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. |
| PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto      |
| PLEB5.13. Aмосa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.      |
| PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Lista de contexto.     |

#### 4º CURSO

##### **BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS**

|  |   |
|--|---|
| PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Activity Book. Producións orais.Asamblea.. Proba escrita. |
| PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, e expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Activity Book. Asamblea. Proba escrita.                   |
| PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea.   |
| PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación  |
| PLEB1.5. Aмосa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de  |

|   |   |
|---|---|
|   | observación.  |
| <b>BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>   |   |
| PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos.</p>           |
| PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Xogos.</p> |
| PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.   | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación</p>  |
